

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### MINISTERIO DE INDUSTRIA, ENERXÍA E TURISMO

- 631** *Real decreto 21/2014, do 17 de xaneiro, polo que se modifica o Regulamento de desenvolvemento da Lei 7/2010, do 31 de marzo, xeral da comunicación audiovisual, no relativo á comunicación comercial televisiva, aprobado polo Real decreto 1624/2011, do 14 de novembro.*

O 1 de abril de 2010 publicouse no «Boletín Oficial del Estado» a Lei 7/2010, do 31 de marzo, xeral da comunicación audiovisual, cuxa entrada en vigor se produciu o 1 de maio de 2010, salvo a sección 2.<sup>a</sup> do capítulo II do título II, sobre a emisión de comunicacións comerciais audiovisuais, que entrou en vigor o 1 de agosto de 2010, de acordo co previsto na disposición transitoria décimo terceira da mesma norma legal.

A dita lei introduciu no noso ordenamento xurídico un novo marco regulador da comunicación audiovisual no seu conxunto e, en especial, da comunicación comercial como dereito recoñecido aos prestadores do servizo de comunicación audiovisual, creando un réxime xurídico baseado na liberalización da prestación dos servizos, tendo en conta que estes se desenvolven nun mercado plural, aberto e competitivo.

O 7 de decembro de 2011 publicouse no «Boletín Oficial del Estado» o Real decreto 1624/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da Lei 7/2010, do 31 de marzo, xeral da comunicación audiovisual, no relativo á comunicación comercial televisiva, dado que algúns aspectos dela dedicados á comunicación comercial audiovisual precisaban aclaración e un desenvolvemento máis amplo para outorgar unha maior seguridade xurídica aos operadores que a realizan.

A posta en práctica do dito regulamento demostrou a necesidade de modificar determinados aspectos del co fin de adecuar con maior exactitude a normativa española á normativa europea.

As modificacións que se establecen afectan fundamentalmente a regulación das telepromocións para diferencialas claramente das mensaxes publicitarias. Así mesmo, régúlase a colocación de produtos, todo isto coa finalidade de proporcionar maior seguridade xurídica aos axentes implicados.

Co obxectivo de promocionar tamén a produción audiovisual europea permítese que os prestadores obrigados ao financiamento anticipado da produción de obras europeas poidan difundir espazos en determinadas condicións, nos cales, referíndose ao cumprimento desta obrigaición, se poña de manifesto o apoio á cultura europea a través da produción audiovisual de obras en que participaron no seu financiamento, sen que os ditos espazos teñan un carácter publicitario. Como consecuencia desta medida, deixan de considerarse autopromocións computables a emisión de mensaxes promocionais ou avances de películas europeas de estrea en que o prestador do servizo de comunicación audiovisual participase no seu financiamento anticipado.

Este real decreto dítase en uso da habilitación normativa establecida na disposición derradeira sétima da Lei 7/2010, do 31 de marzo, xeral da comunicación audiovisual.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Industria, Enerxía e Turismo, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 17 de xaneiro de 2014,

DISPOÑO:

**Artigo único.** *Modificación do Regulamento de desenvolvemento da Lei 7/2010, do 31 de marzo, xeral da comunicación audiovisual, no relativo á comunicación comercial televisiva, aprobado polo Real decreto 1624/2011, do 14 de novembro.*

O Regulamento de desenvolvemento da Lei 7/2010, do 31 de marzo, xeral da comunicación audiovisual, no relativo á comunicación comercial televisiva, aprobado polo Real decreto 1624/2011, do 14 de novembro, modifícase como segue:

Un. Suprímese o último parágrafo do número 3 do artigo 5, que queda redactado do seguinte modo:

«3. Para considerar que os produtos son directamente derivados do programa, o prestador do servizo de comunicación audiovisual deberá acreditar a titularidade sobre os seus dereitos e que asume, directa ou indirectamente, a explotación económica do produto.

Para estes efectos, a autoridade audiovisual competente poderá exixir ao prestador que achegue a documentación suficiente que acredite a titularidade dos dereitos e o seu exercicio efectivo, así como a ausencia de contraprestación de terceiros pola emisión das comunicacións audiovisuais que promocionen eses produtos. En caso contrario, se a promoción de produtos se fai a cambio de contraprestación, consideraríase comunicación comercial, e como tal aplicaríase o límite dos 12 minutos por hora de reloxo.»

Dous. Modifícase o número 1 do artigo 9, que queda redactado da maneira seguinte:

«1. Para os efectos do disposto no artigo 14 da Lei 7/2010, do 31 de marzo, xeral da comunicación audiovisual, considerarase que a telepromoción ten unha duración claramente superior á dunha mensaxe publicitaria sempre que supere os 2 minutos.»

Tres. Engádesse un novo capítulo V, coa seguinte redacción:

## «CAPÍTULO V

### **A colocación de produto**

**Artigo 14.** *Condicións e requisitos da colocación de produto.*

1. De conformidade co establecido no número primeiro do artigo 17 da Lei 7/2010, do 31 de marzo, xeral da comunicación audiovisual, os prestadores do servizo de comunicación audiovisual teñen o dereito a emitir longametraxes, curtametraxes, documentais, películas e series de televisión, programas deportivos e programas de entretemento, con colocación de produto. Para os efectos da definición do número 31 do artigo 2 da dita lei, a colocación de produto merece tal consideración cando se realice a cambio dunha remuneración ou contraprestación similar.

2. A colocación de produto será tamén admisible nos casos en que non se produza pagamento ningún, senón unicamente a subministración gratuíta de determinados bens ou servizos, tales como axudas materiais á produción ou premios, con vistas á súa inclusión nun programa sempre que estes bens ou servizos teñan valor significativo. Para estes efectos, considérase que teñen un valor significativo cando o importe dos referidos bens e servizos incluídos no programa sexa superior nun dez por cento á tarifa estándar establecida para unha mensaxe publicitaria correspondente á franxa horaria en que se emite o programa onde se inclúen.

A subministración gratuita dos referidos bens e servizos incluídos nun programa non ten a consideración de colocación de produto se tales bens ou servizos non teñen un valor significativo.»

Catro. Renuméranse o capítulo V, que pasa a ser o capítulo VI, e os actuais artigos 14, 15 e 16, que pasan a ser os artigos 15, 16 e 17.

Cinco. Engádesse un novo capítulo VII e, nel, un novo artigo 18, coa seguinte redacción:

#### «CAPÍTULO VII

##### **Promoción da cultura europea**

Artigo 18. *Promoción da cultura europea.*

Os prestadores do servizo de comunicación audiovisual e de comunicacións electrónicas obrigados polo disposto no número 3 do artigo 5 da Lei 7/2010, do 31 de marzo, xeral da comunicación audiovisual, poderán difundir nas súas plataformas ou canles espazos promocionais en que, referíndose ao cumprimento da obrigaçión de financiamento anticipada da produçión de obras europeas definida no dito artigo, se poña de manifesto o apoio á cultura europea a través da produçión audiovisual de obras en cuxo financiamento participaron. Os ditos espazos deberanse separar gráfica e acusticamente dos bloques publicitarios e neles deberán aparecer necesariamente as palabras «cultura europea».

Os espazos que reúnan estas condicións non estarán suxeitos ás limitacións de tempo de emisión establecidas nos artigos 13 e 14 da Lei 7/2010, do 31 de marzo, xeral da comunicación audiovisual.»

**Disposición derogatoria única.** *Derrogación normativa.*

Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao establecido neste real decreto.

**Disposición derradeira única.** *Entrada en vigor.*

O presente real decreto entrará en vigor no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 17 de xaneiro de 2014.

JUAN CARLOS R.

O ministro de Industria, Enerxía e Turismo,  
JOSÉ MANUEL SORIA LÓPEZ